

VALENTÍN PAZ-ANDRADE, CON PONTEVEDRA AO FONDO

Charo Portela Yáñez

Resumo: Este traballo explica polo miúdo a relación do escritor pontevedrés coa súa cidade natal, ao mostrar a presenza de Pontevedra na vida e na obra de Paz-Andrade. Sinálase a relevancia do maxisterio do seu tío Juan Bautista Andrade e, sobre todo, de Castelao, mais tamén os seus primeiros pasos como xornalista en diferentes medios da cidade ou a súa relación con Osorio-Tafall, quen posibilitou as súas viaxes a América Latina como técnico especialista en pesca da FAO nos anos cincuenta.

Os seus artigos, o seu traballo sobre os anos pontevedreses de Valle-Inclán ou a súa vinculación co Museo de Pontevedra mostran tamén que esta cidade seguiría a ser un punto de referencia imprescindible para Paz-Andrade ao longo da súa vida.

Abstract: This paper explains in detail the relationship of the Pontevedra's writer with his hometown and, in this respect, it shows the presence of Pontevedra in the life and work of Paz-Andrade. Furthermore, we point out the importance of the teaching of his uncle, Juan Bautista Andrade, and especially of Castelao, as well as his first steps as a journalist in various media in the city or the relationship with another Pontevedra's politician, Osorio-Tafall, which enabled his trips to Latin America as a technical specialist in FAO fishing in the fifties.

His articles, his work over the years which Valle-Inclán spent in Pontevedra or the link to the Museum of Pontevedra also show that this city would remain a point of reference for Paz-Andrade throughout his life.

Palabras chave: Juan Bautista Andrade, Lárez, Pontevedra, Castelao, xornalismo, cartas, Osorio-Tafall.

Key words: Juan Bautista Andrade, Lárez, Pontevedra, Castelao, journalism, letters, Osorio-Tafall.

Dende que Pontevedra enviudó do mar, leva o río peitos como unha nai leva un fillo.



Con Castelao na estación de Pontevedra, 1925.

Con estas palabras, escritas en 1951, e tantas veces reproducidas¹, comezaba o artigo de Valentín Paz-Andrade “Castelao, con Pontevedra ao fondo”. Tentamos facer unha homenaxe a este traballo que subliña o vencello que uniu a Paz-Andrade e a Castelao, o seu gran mestre e amigo, e ao tempo, nun percorrido biográfico co ollar posto na súa cidade natal, mostrar a presenza de Pontevedra na vida e na obra do noso autor.

O 23 de abril de 1898 nacíase no barrio do Socorro de Lárez, na parroquia que tiña “a honra de dar nome a un dos ríos con máis feitizo de Galiza e de ser o arrabaldo de Pontevedra con maior tradición literaria” (Calvo 1998: 7). Fillo de Francisco Paz Cochón e de Matilde Andrade, foi o maior de catro irmáns:

Matilde, Carmen e Castora (que morreu moi nova), e sendo aínda un neno, aos 8 anos, vai quedar orfo de nai:

A morte de miña nai foi a primeira desdita que os fados xogaron contra min (...) Un primeiro de decembro, cando un reló de pé que trouxeran do convento daba as doce da noite, miña nai convertíase en lembranza viva. Ou naquela sombra que mesmo hoxe, ás veces, sinto mexerse á miña veira. (Calvo 1998: 11-12)

Nun ambiente de clase media, a cabalo entre a vida rural e urbana, e nunha familia con afeccións literarias e políticas vai criarse Valentín Paz-Andrade. O seu pai e o seu tío Manuel serían concelleiros de Pontevedra. Outro tío, o xornalista e laureado poeta Juan Bautista Andrade, vivía na casa contigua, e foi despertando nel “o sortilexio das letras” e “a paixón por Galicia”, sendo aínda ben cativo. Ademais, casara Juan Bautista con Dolores Cimadevila, destinada en Lárez como

1 *Opinión Gallega*, Buenos Aires, maio-xuño 1951; *Lareira*, Lar Gallego de Valencia, 1953; *Centro Pontevedrés*, Lárez, ed. Lárez, xuño 1962; *Diario de Pontevedra*, 8/1/1965; *Grial*, 47, 1975.

mestra de primeiro ensino, así que coa tía Lola tivo a súa primeira escola. Logo, virá a Pontevedra para facer os seus estudos primarios, no Colexio Balmes, e de segundo ensino, no Instituto, que contaba naqueles anos cun profesorado notable: Alexandre Caballero, Antonio Crespi, Pedro Sanz Boronat ou Ramón Sobrino, entre outros.

Nesta época, sendo aínda un rapaz, vai iniciarse no xornalismo da man de seu tío, que o convidou a colaborar no xornal pontevedrés *La Correspondencia Gallega*, onde firmou varias crónicas co pseudónimo “El duende de los soportales”². Pero aínda antes, colaborara noutro semanario pontevedrés, *Alma Galaica*, que só durou uns meses, pero que supuxo a súa iniciación profesional, e con só quince anos, no mundo do xornalismo, un mundo que non abandonaría xa até a súa morte. Precisamente da man de seu tío vai coñecer en 1916 a alguén fundamental na súa traxectoria política e vital, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, quen daquela acababa de chegar destinado a Pontevedra como oficial de estatística, mais xa bo amigo de Juan Bautista Andrade dende a súa primeira visita á nosa cidade, no 1911:



Juan Bautista Andrade por Castelao.

Do primeiro encontro non gardo memoria. Supoño que data de 1916, cando o artista se aveciñou en Pontevedra, que era aínda cidade pequena para home que comezaba a ser grande, mesmo se moitos aínda se non decataran. (Calvo 1998: 14)

Paz-Andrade describe así a Pontevedra daqueles anos:

Cando Castelao chegou, a cidade vivía na fofa banalidade da época. Era un pequeno mundo de empregados públicos, electores mañosos, profesores e literatos deslumeados polo brillo do parlamentarismo ou polo “couché” de *Blanco y Negro*.

As parroquias da orla rural, enchían ás veces de arrecendo campesiño os cativos folgos da vila. (...) Tamén, nunha ou dúas tardes agostizas, as rúas formigueaban con xente de tourada. O resto do ano folgábase co desfile de cabaleiros

² Así o contaba o propio Paz-Andrade nunha entrevista na revista *Outeiro*, en 1984.

xesticulantes baixo os soportais da Ferreiría, ou de catro beatas miradas, a subir as escadas de San Francisco ou a costa de Santa María, coa cadeiriña de tesoira na man. (Paz Andrade, 1951)

Ben é certo que este cadro lle serve para subliñar a importancia da chegada de Castelao á nosa cidade:

Castelao foi quen arrequeceu as pedras xeadas. A súa escola non se abría somentes naquel carto traseiro onde traballaba, con anchas vidrieiras agarimadas polo sol da serán. Tiña a aula máis espazosa na primeira plana do xornal. As Cousas da vida, Os homes, As mulleres, os cegos, os contos... tanto pola enerxía e racialidade do deseño como pola sinxela profundidade das lendas ou das prosas, furaban na alma do pobo, abríndolle sobre si mesma unha fiestra que denantes semellaba pecha. (...) Entrementes Castelao puido acendela día a día coa súa chama, Pontevedra converteuse en forza de novos valores galegos.



Retrato de Paz-Andrade feito por Castelao.

En 1917, e logo de certas dúbidas –parte da familia quería que estudase Medicina–, decide estudar Dereito na Universidade de Santiago de Compostela. Nesta época, o movemento galeguista comezaba a gañar adeptos e en novembro de 1919 participa como orador xunto con Eugenio Montes na II Asemblea Nacionalista Galega celebrada en Santiago de Compostela e presidida por Castelao. Pouco despois será nomeado presidente do Grupo Autonomista Galego de Estudantes, afin ás Irmandades da Fala, ao que tamén se incorporaron Ramón Obella e Rafael Dieste, entre outros. Paz-Andrade inicia daquela a súa traxectoria política coa redacción dun manifesto “de exaltación da

terra como nacionalidade e chamada para unha acción colectiva que a erguese a un destino desaxugado e mellor”.

Nestes anos de universidade, xornalismo e acción política fai amizade con algúns dos que serán protagonistas de moitos feitos da nosa historia recente: o escultor Asorey, Camilo Díaz Baliño, Antón Villar Ponte, Lois Porteiro, Losada Diéguez, Xoán Vicente Viqueira... e sobre todo, Castelao, o seu “segundo mestre”, co que seguía intimando ao verse case tódolos sábados nos faladoiros do Café Moderno ou do Méndez Núñez, en Pontevedra, e nos paseos que polas Corbaceiras da cidade daba con el e co seu tío Xoán Bautista Andrade.

O Moderno. Outra institución local que xa fica acochada na historia. E que lle debeu a Castelao, á súa querencia de seareiro famoso, as horas máis lucidoras. Fora instalado a principios de século, á dereita e á esquerda nos baixos do máis labrado edificio da Praza de San Xosé (...) O café, ademais de se titular Moderno, era modernista. Todo tiña alí certo ar da época. (Paz-Andrade 1986: 101-103)

E a seguir cita a algúns dos habituais no Moderno, nomes todos ben coñecidos na cidade: Rafael López de Haro, o xaponés Yogodaba, Leandro del Río, abade de San Benitiño de Lerez, o doutor Barros Sanromán, José Carbonell Alsina, Manuel Cabanillas Álvarez, Dionisio Quintillán. Cando chegaron a Pontevedra, uníronse ao faladoiro Pedro Basanta e Álvaro Xil Varela; e tamén Xoán Carballeira, Luciano del Río, ou os doutores Caamaño e Señoráns.

A praza de San Xosé, onde se situaba o Moderno, tiña unha característica ben especial, a de ser “invadida” cada media hora polo tranvía: “Rexían as rodas sobre as carrileiras. Un fogueiro repenicaba a campaiña. E sen máis... (o tranvía) torcía cara Marín, ciscando parafusos na calzada”. Este tranvía sería inspiración dun irónico artigo “El tranvía de Marín y su literatura” que publicou no *Diario de Pontevedra* en 1920 e no que di:

(...) muchos ingenios han consagrado prosas, caricaturas y hasta versos a amenizar la pintoresca senectud del popular convoy. Pocas creaciones de la mente humana pueden, seguramente, vanagloriarse de haber proporcionado asunto a una tan copiosa literatura, como la que en torno a la vida y milagros del tranvía de Marín se ha producido. (...) Con el tranvía de Pontevedra a Marín podría ensayarse fácilmente un gran negocio editorial, sin más esfuerzo que coleccionar los artículos, crónicas, chistes, versos, dibujos, cantares... que sobre tema tan poderosamente sugeridor se iban publicando. Esto, sólo o junto con algunas de las gacetillas dando cuenta de descarrilamientos, averías, suspensiones temporales... que casi diariamente aparecen en la prensa de Pontevedra, llenaría muy justamente un tomo de 300 páginas. (Paz-Andrade 1920)

En palabras do profesor Filgueira Valverde, a Pontevedra dos anos vinte era “un fervedoiro de esperanzas e traballos onde, coa circia guía de Losada Diéguez e de Castelao, un fato de mozos se esforzaba en servir a Galicia”, e neste ambiente de servizo á Terra, no que xa fora iniciado polo seu tío, vai medrando a personalidade de Valentín Paz-Andrade.

En 1921 e xa licenciado en Dereito, vai vestir a toga por primeira vez na Audiencia de Pontevedra, exercendo a defensa nunha causa por homicidio.

EL DIARIO DE PONTEVEDRA

DECANO DE LA PRENSA DE ESTA CAPITAL

Franqueo concertado

Año XXXVII

REDACCIÓN Y ADMINISTRACIÓN: BARRA 1.

Jueves 28 de Octubre de 1920

ANUNCIOS Y ESQUINAS, SEGÚN TARIFA.

Núm. 10.977

GRAN TINTORERÍA "SAN ROQUE"

Establecida en la calle de la Oliva, número 11.

CASA DE PARADA HERMANOS.

El propietario de esta y su afilada industria que cobra de lugar del extranjero, desde las adquiridas maquinarias perfeccionadas en el arte, y conocimientos que le puso a la altura de las mejores del Reino; ofrece a su distinguida y numerosa clientela, desde en todos los colores, reproducción de su estabilidad y solidez en la obra que le proporcionan sus favorables...

—LUTOS COMPLETOS EN 24 HORAS.
Desinfección absoluta en todos los prendas.

EJEMPLOS DE FURBA

CONTRA LOS AGITADORES

Noé plasmó la vida trágica de un soldado, iniciativa y modos del extranjero, siempre con la degradación de una selección al revés. Lo mismo es lo que próximamente no limitamos. Cuando estalló en Italia la revolución comunista, nuestros progresivos de por acá, nos hablaban de autornes de libertad y de que por ahí venía la generación del mundo. Y, al otro día, en Italia se levantó furba hasta las piedras contra la tiranía de los bolchevitas, el poder más inquisitorial, más desdentado y más repugnante abyecto de cuantos se podían imaginar. Las multitudes de fieros a tiro el tren apostol en que puse, orondo, mientras el pueblo se muera de hambre, en Trovsky, en la guerra que el Gobierno del conde de Romanov, y todas las clases de la sociedad, empezaron por las más humildes, lucharon en una feroz protesta contra el régimen despotado, que ha hecho caer al precio de la guerra de pan a 800 rublos, que ha asombrado al hambre y la ignorancia en todo país, que agudiza actos de elevada credencia y que permite sin embargo, vivir a los «apostoles del bolchevismo, en la opulencia.

Cuando se inició en Italia el nuestro comunismo, también nuestros ideólogos avanzados echaron al suelo las banderas y cuarenta años ociosos...

...han ocupado documentos con indicaciones de una organización secreta y roscas de dinero y armas. Hasta que se vayan derrochando a extirpar todo eso, en boca de los propios amas del proletariado, no habrá paz en el país. Así lo han comprendido también en Alemania, de donde están siendo expulsados los bolchevitas; a Italia, donde no se permite la entrada de un sólo sospechoso y en todos los demás países civilizados de la tierra. España no pueda ser una excepción. Es necesario tomar este apuro de hacer, antes de que nos lo impugnen...

CRÓNICA

El Tranvía de Marin y su Literatura

Wenceslao Fernández Flórez ha escrito días pasados, una nueva crónica acerca del ya famoso tranvía que, entre la ciudad de Pontevedra y el puerto de Marín, ofrece desde el día de ayer. Anunciábase al frente literario, J. G. Coma, Antonio Gaitano, Fernando Delgado y otros muchos nombres, la cosa grande prusa, chatear y hasta veros, a estimular la pintura en actividad del popular conveo. Pocas creaciones de la mente humana pueden, ageramente, vanagloriar de haber proporcionado tanto a sus copias literarias, como la que...

...das que, sin duda, no le quedan de duración al tranvía, permitirán dar al ojo sucesivas amplidades. Porque, es de sobarse, que cuando acomete al conveo algún percance —que suele ser cada semana— el Consejo de administración remite indefectiblemente una nota oficiosa a la Prensa prometiéndole y anunciándole que muy pronto, de un día a otro serán comento los trabajos preliminares para realizar la proyectada conversión del tranvía actual en uno eléctrico de parte moderna. Pero, a pesar de que los desercionados sucesos vienen repitiéndose desde hace medio siglo, es ni caso que las obras del tranvía eléctrico nunca dan comienzo, lo cual obliga a pensar en que el actual seguirá arrastrándose milagrosamente Dios sabe hasta que dicho sea. Supuesto esto, y teniendo presente que, a medida que van transcurriendo los años, irá en aumento los achaques y la celebridad de esta institución locomóvil, y, por tanto, «enfrentar al escritor» ávido de asuntos sobre sus producciones una creciente abundancia de modelos, dentro de dos ó tres años hallarse en «venta» ya original, sobre para un nuevo tomo de literatura «traviesera».

Por tal sencilla procedencia, si imitativo y de año lleva tras— que el tranvía de Marín seguirá libre de otros tantos años como los que lleva de vida, al cabo de ese tiempo podrá llegarse, un solo a la publicación de una serie de obras completas, sino a la formación de una verdadera biblioteca, de obras escritas todas sobre un inagotable como aquélla tomas. Así, el tranvía de Marín devendrá indirectamente en uno de los autores más fecundos de la historia literaria.

V. PAB ANDRADA.
En la parca de Lovizano, mientras la «compositora» tomas agua...

MIRANDO AL AREA...
A las puertas del Compensio

TEATRO PRINCIPAL

HOY - Jueves 28 - HOY

Grandioso espectáculo de ópera y variedades
Continuación de la gran obra
— ROCAMBOLE —
Quinta jornada, Ópera LOS MISTERIOS DE LONDRES.
ULTIMA: DIA: E ACTUACIÓN DE LA GENIAL CANZONISTA
— EMILIA BRACAMONTE —
MAÑANA: Viernes, DESPEDIDA.
Continúa el día el abono a tres funciones por la Compañía del maestro Serrano.

Obras públicas

La Dirección general ha aprobado el acta de replanteo del servicio de aguas en las inmediaciones del cuartel de Cangas concedida a don Francisco Estanillo por R. O. de 7 de Julio de 1919.

Ha tomado posesión el Subsecretario destinado a esta provincia D. Marcelino Daniel Fernández. Se le ha fijado la residencia oficial en Villagarcía de Arousa.

Ahora, la Federación duerme plácidamente. Merced a su suceso bélico, a las puertas del Compensio, cuando se inicia la tacha en todas las regiones, aquí no sabemos a qué atenernos respecto al pleito malhadado entre el Vigo y el Portus; pleito en el que han metido la pizma —ya la terrible pluma legislativa— ministros y curules, y que amenaza sepultar a ambos equipos entre dos losas de papel asido. Ignoramos también—gracias igualmente a la atención atenta de nuestra Federación regional— la indolente situación del Portus, no se sabe si federado o el dejado de federar. Y, finalmente, los Clubs indolentes de segunda categoría, están sin saber en que forma, cómo y cuando han de salirse. Claro es que el calendario oficial seguiría no aparecer tampoco —según viene octubre— hasta que en las demás regiones se prepare ya el campeonato del año venidero... Los equipos gallegos, por no ser...

El peón caminero José Figueras Gómez, afecto a los kv 40 a 44 de la carretera de Pontevedra a Companso solicita se le destine a la provincia de Orense.

Varios vecinos de la parroquia de Botamoyor solicitan del Estado una pequeña parcela al traveso del proyecto de la carretera de Puentecaldes a Solomayor, trozos 1.º y 2.º

Ha sido nombrado peón caminero de entrada con destino a esta provincia Domingo Gómez Franco.

“El Tranvía de Marin y su Literatura”.

Tratábase da morte dun mariñeiro por outro, sucedida na praia de Raxó. Os dous tiñan máis de dezaseis anos e menos de dezaoitto. Un insultara ao outro mentres tiraban con máis do cabo da rapeta. Saíran correndo e co coitelo do oficio do un, o outro resultou ferido na iugular. Morreu desangrado na area. (Calvo 1998: 31)

Malia a súa inexperiencia, conseguiu que a súa tese de imprudencia temeraria fose admitida, dado que o homicidio non podía ser negado.

Ese mesmo verán ten que saír para a fronte de África: foi o ano do desastre de Annual, e aínda que xa tiña cumprido o servizo militar en Pontevedra, non se librou de ser chamado a filas. Logo de varias semanas en diferentes puntos, chega

a Tetuán, onde comezará a escribir crónicas de guerra que serán publicadas no xornal *El Noroeste* da Coruña, pero que tamén serán reproducidas nun xornal da cidade, *El Progreso*, dirixido daquela por Carbonell Alsina. Desta época gárdase unha carta que lle dirixe o seu tío Juan Bautista Andrade:

Con singular deleite leo tus crónicas. *Progreso* las reproduce siempre, como verás por los números que te enviamos. Estás bien de estilo, cada vez más sobrio, sereno y elegante. A veces, encuentro que salta una remembranza de mi manera de hacer, en medio de tu prosa. Y esas muestras de mi influencia literaria en tus escritos, me envanecen un poco ¡Satisfacciones de padre espiritual! (Paz-Andrade 1997: 241)

No Nadal de 1921 será destinado ao interior do país, a Miskela (onde coincidirá con outro pontevedrés e bo amigo seu: Benito Malvar), até que en febreiro de 1922 será repatriado de Marrocos por un problema de saúde. Esta experiencia na guerra de África vai marcalo fundamente e será inspiradora nunha noveliña, *Soldado da morte*, que será a súa única incursión na narrativa, aínda inédita, e dalgúns escritos que verán a luz neses anos³:

Un día de sol e de guerra, coas retinas cansas de copiar terras ermas, camiñando a carón da serra africana de Beni-Hassan, aló nas entranas broncas de Yebala, olléi sorprendido a un pino na ladeira d-un kudia. No intre de o descubrir, comprendín con visión d-irmán a traxedia do seu desterro. O pino celta, desmedrado, raquíteco, apouvigado pol-os regores do bárbaro crima meridional, añoraba ó húmido agarimo das néboas norteñas, e os airiños mainos, que deberan trocar en arpa rumorosa a sua frouma verdecente.

Cando volta repatriado á Coruña, visita os amigos da redacción do xornal *El Noroeste*, que lle publicara as súas crónicas de guerra, e alí comeza a prepararse un proxecto que desembocará, o 25 de xullo de 1922, na aparición dun novo xornal: o *Galicia* de Vigo, que Valentín Paz-Andrade vai dirixir dende os primeiros números. A súa vida vira entón cara a Vigo, onde se establecerá definitivamente até a súa morte, mais Pontevedra vai percorrer a súa vida e a súa obra até o seu último alento.

Para organizar a redacción e a liña do novo xornal contou coa axuda de Castelao, Juan Bautista Andrade e Antón Losada Diéguez, chegado daquela a Pontevedra.

3 Vid. “O pino de Beni-Hassan” e “O símbolo do árbore” que apareceron no derradeiro número da revista pontevedresa *Alborada*, en xullo de 1922.

Pouco a pouco irían incorporándose a este xornal, que marcou un fito na historia da prensa galega, as mellores plumas da época. Logo de múltiples problemas, sobre todo coa censura, o xornal desapareceu o 15 de setembro do 26.

A partir deste momento, xa radicado en Vigo, comeza a desenvolver a súa actividade profesional como avogado, mentres o seu achegamento ao mundo do mar e da pesca estaba en marcha, pois nesta época comeza a asesorar á Sociedade de Armadores de Bouzas e a colaborar na revista *Industrias Pesqueras*, e ao tempo estaba conectado co movemento galeguista e co agrarista. Sabemos que en outubro de 1928 participa no acto de aniversario da Caixa Rural de Lérez onde adianta a súa concepción da acción política en relación co desenvolvemento económico:

Aínda que os ventos da vida me teñan afastado da miña parroquia, eu, como todo ser ben nacido, non podo esquecer o amor á terra na que por primeira vez viron os meus ollos a luz. (...) desde agora existen en Galicia dous agrarismos ben diferenciados: o agrarismo verbalista, sen contido ideolóxico nin base económica e o agrarismo futuro, que inicia a Caixa Rural de Lérez, baseado nos problemas económicos. O século presente é o século dos problemas económicos. (Carballa, 2012: 56)

Na primavera de 1930 fúndase en Vigo o Grupo Autonomista Galego, e ao longo dese ano e do seguinte mantén unha intensísima actividade política, participando a carón de Castelao, Alexandre Bóveda, Álvarez Gallego, Otero Pedrayo, Risco, Carballo Calero, Ramón Cabanillas, e tantos outros, en numerosos mitins. Nun deles, en Pontevedra, dirá:

Eu non podería hoxe desprenderme dunha suxestión cautivadora: a da poboación onde falo. Pontevedra remanece na fondura das miñas visións máis mozas, vivida a cotío entre vos; ao amor do río, noivo da cidade, que se deixa cinguir a cintura nunha aperta de cristal, e se deixa recrebar na cantiga das ondas rumorentas; remanece nas miñas visións primeiras, abertas antre o agarimo luxuriante das perspectivas campesiñas, onde loita ese agro valente que lanzou aos aires o cramor revolucionario do abolicionismo foral e a carón daquelas tenidas románticas, onde o culto á República, cando a República era un soño, adquiriría unción de rito. (...)

Con esta bandeira ao vento, coa bandeira sagra da autonomía para Galicia, a loita está escomenzada. E nós, pontevedreses, temos nela reservados os postos de vangarda, que son os postos de honor.

Participa tamén na elaboración do anteproxecto do Estatuto de Galicia, e preséntase como candidato a Deputado das Cortes Constituíntes, nas eleccións

de xuño do 31 pola candidatura galeguista de Pontevedra a carón de Castelao e Ramón Cabanillas. No Nadal dese ano fica constituído en Pontevedra o Partido Galeguista e Valentín Paz-Andrade formará parte do Consello Executivo do Partido, polo que as reunións e o intercambio epistolar con Alexandre Bóveda, secretario xeral, e os outros membros do Consello, serán constantes.

Pouco antes, o 3 de setembro de 1930 morrera, no mellor da súa vida, Juan Bautista Andrade, deixando ao seu sobriño orfo do seu alento e consello cotián:

A tarde do enterro foi o catro de setembro. Para min unha das xornadas máis feridoras de cantas teña vivido. (...) Eu non acababa de perder somentes ao único irmán de miña nai, xa difunta de longos anos. O que en realidade perdera era o primeiro mestre. Tanto nas loitas da vida como na apertura dos horizontes do espírito. No sentimento da Terra e na forxa da cultura. (Paz-Andrade 1980)

Foi o propio Paz-Andrade quen se ocupou da edición do derradeiro poemario dun dos poetas da Fillagosa⁴ (non en van na súa casa tiña lugar dende 1924 o faladoiro do mesmo nome): *Diana de Gaita*, que veu a luz no mesmo ano da súa morte, e segundo Paz-Andrade, matinaba noutro libro en galego que se titularía *Cantarelas* “cando o fío da súa vida se tronzou”.

E pasou o tempo, veu a guerra e logo os destellos e a perda de tantos amigos, represaliados uns e outros, moitos, exiliados. Nos anos corenta, xa casado e cun fillo, céntrase na actividade no bufete e na revista *Industrias Pesqueiras*, na que asume a dirección.

Un feito transcendental na vida e na obra do noso autor serán as viaxes que na década dos 50 realice a América Latina. Será escollido pola FAO para impartir un curso sobre Economía Pesqueira en Valparaíso, Chile (en 1952), outro sobre Capacitación Pesqueira en México (en 1954) e un terceiro sobre Organización Xurídica das Pesqueiras en Bogotá (en 1955). E isto foi grazas á proposta dun exiliado, amigo e compañeiro nas aulas do Instituto de Pontevedra: o ilustre pontevedrés Bibiano Fernández Osorio-Tafall, que naquel momento era Director Rexional da FAO para América Latina.

Las lecciones magistrales de Valentín (en Valparaíso) fueron publicadas por la FAO y este libro prologado por mí, a pesar de que han transcurrido 36 años⁵, aún sigue siendo de utilidad.

4 O topónimo corresponde a un souto de piñeiral, preto da foz do Lérez, arquetipo do “locus amoenus”.

5 Osorio-Tafall na *Homenaxe* que lle tributou a Academia Galega de Ciencias e que foi publicada pola Deputación Provincial de Pontevedra en 1991.

Refírese Osorio-Tafall ao libro *Principios de economía pesquera*, que será o primeiro traballo sobre este tema en castelán, e no prólogo destaca Tafall a sona que estaba a acadar Paz-Andrade no eido da pesca en América Latina. Destas experiencias americanas, ademais de contactos e saberes, Valentín Paz-Andrade trouxo un coñecemento redobrado do sector pesqueiro, o que ía producir pouco tempo despois froitos transcendentais para a nosa terra.

Logo destas tres ocasións en que traballaron xuntos, volveron coincidir Paz-Andrade e Osorio-Tafall en Buenos Aires en 1957, no cincuenta aniversario do Centro Galego, como invitados de honra. Podemos seguir a crónica da súa amizade grazas á correspondencia que se conserva entre os dous (na que curiosamente non atopamos cartas anteriores a 1960). A análise deste epistolario xa daría para un extenso traballo, e nel, Paz-Andrade insiste, como tantas veces, para que o seu amigo volva á terra, sobre todo a partir de 1977:

Querido Bibiano:

Estamos en vísperas de constituir una Xunta de Galicia, como organismo pre-autonómico (...). Tanto Blanco Amor como yo hemos considerado esta mañana la falta que tú harías en Galicia en estos momentos.

En agosto do 68 xa o animara a vir aproveitando a mellora do clima político, pero Osorio-Tafall rexeitara esta posibilidade: “A menos que se produzcan cambios esenciales en la estructura del régimen, yo no volveré a pisar el suelo español. Como una vez comenté con Blanco Amor, Franco puede habernos perdonado, pero yo no le he perdonado a Franco”⁶.

Aínda que o intentaron en varias ocasións (como cando Osorio-Tafall invitou a Valentín a dar unha serie de conferencias no Centro de Estudios Económicos e Sociais do Terceiro Mundo que dirixiu a finais dos anos 70 en México), o encontro entrambos non tería lugar até o 29 de xuño de 1986, con motivo da entrega do Premio Trasalba a Valentín Paz-Andrade. Osorio-Tafall lembraría ese encontro anos despois recordando a un Valentín fisicamente achacoso, mais cunha mente esperta e unha prodixiosa memoria. Isto, acompañado dunha gran capacidade de traballo e unha rexa vontade, explicaría esta extensa produción dos derradeiros anos.

Mais volvamos atrás no tempo. No Nadal de 1961, fronte á casa natal de Lérez, e cando acudía ao enterro dunha curmá, Lola Andrade, sofre un grave accidente de tráfico que o manterá apartado da súa actividade máis de tres meses, parte deles no sanatorio Domínguez de Pontevedra. Foi operado polo doutor Miguel Domínguez e atendido tamén polo internista Crescencio González: “Eu, que xa non era eu, e

6 Carta a Paz-Andrade datada en Nicosia o 31 de agosto de 1968.

me tiña como estraño a min mesmo, púxenme a loitar coa morte, sabendo quen tiña diante”. É ben certo pois xa se enfrontara a un atentado en Vigo no ano 32 no que recibiu varios disparos e a outro ataque cando estaba desterrado en Verín. Esta experiencia no sanatorio será reflectida no seu poema “Veño da morte”⁷:

Galegos, meus irmaos,
 veño de ter co-a morte.
 sin o agardar unha vez mais atopo
 o venturoso empalme con a vida.
 Estóu na singladura do retorno,
 con ollos recuncantes na alborada,
 tímpano a se tremer en libres odas,
 pernas reencarnadas para andar
 os camiños resucitados.
 Veño da morte, irmaos, e no fardel,
 pouco trouxen para vos:
 cicatrices de ferro nas palabras.

Aínda neste transo ten folgos para escribir a tantos amigos cos que mantén un continuo contacto epistolar. Así, pouco despois do accidente, escribe a Isaac Díaz Pardo, que daquela se atopaba en Magdalena:

Volvo da morte outra vez, Isaac, e desta parece que reflaterei. ¿Qué sino é este meu, tan carregado de dor? Non quero cavilar hoxe, para non amargurar o voso anxeio, que tanto agradezo. Escribo a Pepe (Núñez Búa) e narro alí o que pasou. Son as primeiras cartas que escribo, con moito esforzo. Temo, dende a presión dos iewos e as férulas, non solo pola miña recuperación, senón pola saúde de Pilar, que ocupa outra cama no mesmo cuarto, e tamén me creou algunha inqueda. Agardo que evolucionará ben. Ademais, o agobio das visitas, que constituíron un xubileo afogador para os poucos alentos dun doente. Hoxe amainaron algo –despois de 24 días– e aproveito para contestar túa carta, que recibín eiquí onte, con outra de Seoane e Maruxa que máis adiante contestarei. Dálle nosas mellores lembranzas. Aos 14 días –o 9–, houbo substitución de iewos. Atopo os novos máis molestos que os primeiros. Despois, obrigan a posicións rixidas na cama, que traen de mal xeito. Agora levántanme a unha butaca articulada, onde paso case todo o día.⁸

7 Publicado anos despois, en 1979, en *Cen chaves de sombra*.

8 Carta desde o sanatorio Domínguez, datada o 16 de xaneiro de 1962.



Con Pilar e Osorio Tafall en Trasalba, 1986.

Tras este duro golpe para a súa saúde, vai reincorporándose aos poucos á vida profesional, tanto no seu bufete de avogado como en Pescanova. Revisando a correspondencia enviada neses meses nos que se atopaba doente no sanatorio, sobrancea outra actividade na que nunca descansa: o alento e apoio aos amigos de alén mar nas súas actividades artísticas ou literarias. Tanto anima a Arturo Souto e Blanco Amor para que volvan definitivamente a Galicia como se preocupa da última exposición de Laxeiro en Madrid; en xeral insistindo con todos –Seoane, Núñez Búa, Blanco Amor...– para que rematen o seu exilio e se radiquen de novo na terra.

Volveron chegar novas de Souto. Pode ser que agora sexa certo o seu retorno á Terra. Quéixase de crisis nerviosas, que o obrigan a non estar só. En marzo fai unha exposición en México, para tomar o barco en abril, según di. Tamén se dispón a vir Xavier Bóveda, e coído que Blanco Amor. No mes de San Xuan tamén chegará Daniel Calzado, según carta que teño a vista⁹.

9 Carta a Manuel Colmeiro dende o sanatorio Domínguez, do 19 de febreiro de 1962.

Mais a presenza de Pontevedra detéctase tamén como pano de fondo dun dos seus traballos máis singulares. No verán de 1966, Paz-Andrade fora convidado de novo polo Centro Galego de Buenos Aires para participar nas Xornadas patrióticas nas que se conmemoraba o centenario do nacemento de Valle-Inclán, do que el era apaixonado lector e continuo estudoso.

De feito, gardaba na súa biblioteca un “pequeno tesouro”, o libro *Análisis y Ensayos*, de Víctor Said Armesto, no que aparece o primeiro estudo logo da aparición de *Femeninas*. Ademais Valentín tiña na casa todo o que se publicara naqueles anos sobre a vida e a obra de Valle (mesmo gardaba no seu arquivo unha carta que lle escribira o insigne escritor en 1925). Con todo este material pensou que aínda estaba por facer a reconstitución bio-literaria desta figura, sobre todo dos seus anos pontevedreses, e púxose á tarefa de preparar dúas conferencias para a conmemoración bonaerense que en poucos meses habían converterse en libro.

En 1967 saía do prelo en Buenos Aires, *La anunciación de Valle-Inclán*, cun “introito” do seu vello amigo, Eduardo Blanco Amor. O libro, artellado en dous grandes apartados “El hombre en su espacio” e “El escritor en su obra”, completouse con moita documentación gráfica e variados datos que atopou facendo no outono de 1966 un minucioso percorrido polos lugares polos que pasara Valle nos seus primeiros anos: Vilanova, a Pobra, Pontevedra... Como indica Blanco Amor no prólogo, a intervención decisiva de Pontevedra na formación do escritor galego, tanto en oportunidade coma en calado, queda ben patente neste libro:

Con una rara vitalidad en esta clase de “documentos”, Paz-Andrade recoge y anima el ambiente de una tradición inmediata, de una experiencia todavía tan presente y actual que el autor puede reconstruirla, desde los datos de su atenta niñez pontevedresa, no sólo con sus nombres y apellidos sino con sus voces ya cascadas y con sus ademanes envejecidos, pero aún audibles y visibles.

Outro aspecto que non quero deixar de subliñar é a vinculación de Paz-Andrade ao Museo de Pontevedra e ás súas iniciativas. Amais dunha relación sostida cos seus patróns e colaboradores, participou en diferentes actos como a “Commemoración de Juan Bautista Andrade” en 1980 ou nunha mesa redonda sobre humorismo que se fixo con motivo da Exposición de Bagaría en 1983, e presidiu a Asociación de Amigos do Museo dende a súa creación, a finais de 1984 até o seu pasamento. Foi el quen doou ao Museo, entre outras cousas, os debuxos da serie “As mulleres” de Castelao. En 1974 escribelle a Filgueira Valverde:

Póñome a che mandar estas liñas matinando en que Castelao, botando os ollos por riba do meu lombo, estame a mirar o que escribo. E estase a rir con aqueles ollos decote veados na terra que o furaban todo. Aínda aquilo que os demais ao mellor nin viamos.

Van as nove estampas publicadas en *Galicia*, o xornal que eu dirixín e do que Alfonso foi pouco menos que a i-alma. Coido que son as únicas da serie de “As mulleres”, que escomenzara a promediar coa dos “Homes”. (...) Cando trazou eses rascaños de mestre riscaba sin dúbida nas súas mellores horas de dibuxante, tanto da figura coma da comedia humana. Como non quixeches que enmarcara por miña conta os dibuxos, ti farás neste orde o que mellor atines, que para iso eres o Director da Casa¹⁰.

Pouco tempo despois, o 20 de xaneiro de 1979, día de San Sebastián, patrón da cidade, recibiu o Premio “Cidade de Pontevedra” ao labor literario por *A galecidade na obra de Guimarães Rosa*, libro que viña de ser publicado en Edicións do Castro.

En 1980, a piques de cumprir 82 anos, escribe a Ramón Piñeiro:

Querido Piñeiro: Ando, como sabes, as voltas coa biografía de Castelao. Primeiramente o plan era unha ampliación do ensaio xa publicado en varias localidades “Castelao, con Pontevedra ao fondo”. Metido en fariña estou a ver que, se aínda teño forzas, terei que facer unha biografía, e non un anaco de biografía. Penso que podería titularse “Castelao na luz e na sombra”, mais se atopara algo mellor mudaría de pensamento¹¹.

Xa levaba algúns anos pensando na necesidade dun ensaio global sobre a vida e a obra do rianxeiro, unha biografía que mostrara un Castelao “avivecido, latexante, auténtico”, e tiña que facelo a tempo “denantes de que as fontes da verdade contrastabel deixaran de manar. Fontes cada día mais escasas e sempre esparsas. Fontes en risco de se voltar serodias ou esgotadas”. O *Castelao* de Paz-Andrade –como adoita chamarse– saíu do prelo de Edicións do Castro en 1982, e acadou un éxito considerable de crítica e vendas. Como se pode comprobar nunha simple ollada ao seu *Epistolario*, mentres preparaba o libro, Paz-Andrade solicitou información e documentación sobre o tema a moitos dos seus amigos e antigos colaboradores. A resposta a moitas das súas peticións –como sucedeu no caso de Osorio-Tafall– recibiu logo de terse publicado o libro, pero aínda tivo folgos para facer correccións e engadir algúns datos nunha segunda edición de 1986.

Esta biografía do “irmán” desaparecido contén elementos singularizados dunhas memorias, sobre todo nos dous primeiros apartados (“Alborada do home”, “A estrela escomenza a raiolar”), nos que Paz-Andrade conta unha historia na que por momentos el foi co-partícipe. Para moitos, *Castelao na luz e na sombra* foi a

10 Carta a Filgueira Valverde, do 7 novembro 1974.

11 Carta a Ramón Piñeiro, do 30 de marzo de 1980.

súa obra magna, un libro que só Paz-Andrade podía ter escrito, pois é en boa parte autobiográfico. Para o profesor Filgueira Valverde, neste libro exemplar “Paz-Andrade puxo todo o fervor polo home, a súa plural obra e a lección da súa vida”.

Tras loitar varios meses cunha doenza cardiovascular, finou Valentín Paz-Andrade nunha clínica de Vigo, a madrugada do 19 de maio de 1987, acompañado por Pilar, a súa dona, e polo seu fillo Alfonso. Será enterrado no panteón familiar do cemiterio de Lérez, en Pontevedra, envolto na bandeira galega polo seu expreso desexo. Volveu entón a descansar para sempre na “doce ribeira” do seu Lérez natal.

Non habería mellor xeito de rematar este traballo que citando as súas palabras, as do artigo titulado “La ciudad y su destino económico” que escribiu en 1959 para a revista do Gremio de Mareantes, e que di así:

En las páginas de la historia de Pontevedra, no se ha grabado un viraje de mayor relevancia que el de la renunciación a la mar. Nos referimos a la mar como destino colectivo, focalizador del trabajo de los hombres. Al elemento natural bajo cuya égida económica Pontevedra se ha ungido con los resplandores de la gloria que, aún extinguida hace siglos, siguen inspirando en nosotros evocaciones reverenciales.

El alma vieja de la villa, parecía tener sus raíces adheridas a los “peiraos” de la Moureira. Se forjara en la soledad de los espacios líquidos, en las zozobras del riesgo fecundo, en las luchas y en los fervores gremiales. Y fue poco a poco perdiendo densidad y brío, a medida que el aire marinero dejaba de circular por sus venas. A medida que la economía se iba convirtiendo en mitología. (...) El porvenir reclama otras trayectorias. El porvenir coloca a Pontevedra en el trance de replantear el problema de su destino económico. Para abordarlo seriamente, será necesario abandonar querencias posicionales. Encarlo con visión nueva, en la cual se valore menos la expectativa del paternalismo central y más, mucho más, la movilización y disciplina de las energías propias. Hay que recabar siempre la comprensión de arriba. No esperar de su protección lo que debe ser construido desde abajo, con la luz de nuestra mente y el ardor de nuestros brazos. (...)

No se trata ahora de agrupar los elementos del cuadro, y menos de ensayar su composición. Basta con advertir que, para el destino de Pontevedra, inevitablemente enlazado al desarrollo económico del resto de Galicia, la carrera de la industrialización no debe tomarse como desideratum. Otros desenvolvimientos no menos provechosos, para los cuales la ciudad ofrece incentivos únicos, podrían reclamar una situación de prevalencia en las jornadas de la evolución futura. En todo caso, lo que importa es la rehabilitación del espíritu colectivo. Si las venerables sombras de los viejos mareantes siguen montando su ronda en torno a nosotros, es porque su mensaje permanece vivo. Su mensaje de solidaridad, de familiarización con el riesgo, de fe en el esfuerzo propio y en las virtudes dinámicas.



Sinatura de Paz-Andrade.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Academia Galega das Ciencias (1991): *Homenaje a Valentín Paz Andrade*. Pontevedra: Deputación.
- Calvo, Tucho (1998): *Valentín Paz Andrade, a memoria do século*. Sada: Edicións do Castro.
- Carballa, Xan (2012): *Biografía de Valentín Paz Andrade*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Paz-Andrade, Valentín (1920): “El tranvía de Marín y su literatura”, *El Diario de Pontevedra* 20-10-1920.
- _____ (1921): “Episodio de campaña”, *El Progreso* 21-12-1921.
- _____ (1922): “O pino de Beni-Hassan”, *Alborada* III, xullo 1922.
- _____ (1922): “O símbolo do árbore”, *Alborada* III, xullo 1922.
- _____ (1951): “Castelao, con Pontevedra ao fondo”, *Opinión Gallega*, maio-xuño.
- _____ (1959): “La ciudad y su destino económico”, *Nodales. Revista do Gremio de Mareantes de Pontevedra*, maio, 19-20.
- _____ (1967): *La anunciación de Valle-Inclán*. Buenos Aires: Losada.
- _____ (1978): *A galecidade na obra de Guimarães Rosa*. Sada: Edicións do Castro.
- _____ (1979): *Cen chaves de sombra*. Sada: Edicións do Castro.
- _____ (1980): “Juan Bautista Andrade, no quinquagésimo ano”, *Faro de Vigo*, 5-9-1980.
- _____ (1986): *Castelao na luz e na sombra*. 2ª ed. Sada: Edicións do Castro.
- _____ (1997): *Epistolario*. Sada: Edicións do Castro. Edición ao coidado de Charo Portela e Isaac Díaz Pardo.
- Portela Yáñez, Charo (2012): *Valentín Paz Andrade. Vida e obra*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Vázquez, Benxamín (1984): “Valentín Paz Andrade, un galego de película”, *Outeiro* 12.